

Rúbrica de autoavaliación:

Unha instalación artística

	Nivel 4	Nivel 3	Nivel 2	Nivel 1
Axudei no grupo?	Traballei moi ben co meu grupo, dando ideas moi boas e animando ás demais persoas. Axudei a que todo saíse ben. (1.428)	Traballei ben co meu grupo para facer a nosa parte da cidade. Demos boas ideas e axudámonos entre todas as persoas. (1.05)	Axudei un pouco a facer a nosa parte da cidade. Demos algunhas ideas e traballei un pouco coas miñas compañeiras e compañeiros. (0.7)	Case non axudei a facer a nosa parte da cidade. Non dei ideas nin traballei coas miñas compañeiras e compañeiros. (0)
Fun ordenada/o e limpei?	Fun unha persoa moi ordenada e limpei todo moi ben. Coidei os materiais coma se fosen meus e axudei a que as demais persoas tamén o fixesen. (1.428)	Fun unha persoa ordenada e limpei ben o meu sitio. Coidei os materiais para que se puidesen seguir usando. (1.05)	Intentei ser unha persoa ordenada e limpar un pouco cando rematei. Coidei os materiais máis ou menos. (0.7)	Deixei todo desordenado e non coidei ben os materiais. (0)
Probei cores e materiais novos?	Probei moitas cores e materiais diferentes, mesturándoos e facendo cousas moi orixinais na nosa cidade. (1.428)	Probei diferentes cores e materiais como lapis de carbón ou acuarela para facer cousas chulas na nosa cidade. (1.05)	Usei algunha cor diferente ou algún material novo que non usara antes. (0.7)	Non usei cores diferentes nin materiais que non coñecía. (0)
Busquei ideas no ordenador? (se fixo falta)	Busquei moitas ideas e información interesantes no ordenador que fixeron que a nosa parte da cidade fose mellor e máis creativa. (1.428)	Busquei ideas e información no ordenador que nos serviron para facer a nosa parte da cidade. (1.05)	Mirei algunha cousa no ordenador que nos axudou coa nosa parte da cidade. (0.7)	Non usei o ordenador para buscar ideas para a nosa cidade. (0)
Fixen edificios con volume?	Fixen edificios con moito volume e formas moi interesantes para a nosa parte da cidade. (1.428)	Traballei para que os edificios da nosa parte da cidade tiveran volume e diferentes formas. (1.05)	Axudei a facer algúns edificios con volume para a nosa parte da cidade. (0.7)	Non axudei a facer os edificios con volume, só fixen cousas planas. (0)
Usei a liña horizontal para dar profundidade?	Usei a liña horizontal de forma moi intelixente e a nosa cidade parece moito máis profunda e interesante. (1.428)	Usei ben a liña horizontal na nosa cidade e notouse que daba sensación de profundidade. (1.05)	Usei a liña horizontal un pouco na nosa cidade para que parecese que había cousas máis lonxe. (0.7)	Non usei a liña horizontal ou case non se nota na nosa cidade. (0)
Tiven interese e coidado?	Púxenlle moitas ganas e coidado a todo o traballo. Quedou moi ben feito e limpo. (1.428)	Quixen facer o traballo o mellor posible e tiven coidado con todos os detalles. Quedou bastante ben. (1.05)	Intentei facer o traballo ben e con coidado. (0.7)	Non me importou moito facer o traballo ben. Non fun unha persoa coidadosa. (0)

Elaboración propia (proxecto cREAgal)



“Unha instalación artística”, do proxecto cREAgal, publícase coa Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)